

AXUDA REFUXIADOS EN GALICIA

Ante a preocupación e tristeza que sentimos contemplando a traxedia da guerra en Ucraína, a EOI habilita un punto de entrega de material para as persoas refuxiadas.

Unha serie de familias galegas acollerán de modo indefinido a nais cos seus fillos. O 9 de marzo sae un autobús dende Vilagarcía de Arousa cara Varsovia con axuda humanitaria. A súa volta a Galicia está prevista para o martes 15 pola mañá e trasladará a máis de 50 refuxiados, entre mulleres e nenos/as. Xa que logo, urxe preparar bolsas individuais con **produtos de aseo, material Covid e material escolar**. Neste intre descoñecemos o número exacto de refuxiados que virán ou o número de nenos/as e as súas idades, polo que, polo de agora, non se aconsellan cueiros ou roupa.

Deste xeito, **necesitan con urxencia:**

- **Produtos de aseo:**

Toallas, neceseres, cepillos de dentes, pasta dentífrica, desodorizante feminino, xel de ducha, xampú, acondicionador (tamén xel de ducha e xampú infantil), compresas, tampóns, peites e cepillos para o cabelo, crema hidratante corporal, crema de mans, maquinillas de afeitar e colonia, panos húmidos.

- **Produtos Covid:**

Máscaras desbotables para adultos e infantís, hidroxel, tests de antíxenos.

- **Material escolar básico:**

estoxos, lapiseiros, lapiseiros de cores, rotuladores, tesoiras, regras, afialapis, libretas, folios.

O material entregado deberá estar en bo estado e, na medida do posible, non usado.

O punto de entrega será diante da biblioteca, nas seguintes quendas:

- **XOVES:** de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00
- **VENRES:** de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00
- **LUNS:** de 9:30 a 13:00

Moitas grazas pola vosa colaboración.

